



TRÁMITE DE CONSULTAS PARA A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA ORDINARIA

Nome do plan: Plan xeral de ordenación municipal do concello de Gondomar

Promotor: Concello de Gondomar

Órgano substantivo: Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Expediente: 2020AAE2479

Código web: 2346/2020

O día 18.08.2020 recibíuse na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda un escrito do Concello de Gondomar no que solicita iniciar a avaliación ambiental estratéxica ordinaria do *Plan xeral de ordenación municipal do concello de Gondomar*, acompañado do documento inicial estratéxico e do borrador do plan, segundo esixe o artigo 60.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Unha vez avaliada a documentación presentada e considerando que:

1. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) integrou no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. O Regulamento que desenvolve a dita LSG foi aprobado mediante o Decreto 143/2016 do 22 de setembro.
2. O artigo 46.1.b) da LSG sinala que deben someterse ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica os plans xerais de ordenación municipal.
3. O artigo 60.4 da Lei 2/2016 establece tamén que o órgano ambiental, con carácter previo á elaboración do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, someterá o borrador do plan e o documento inicial estratéxico ás consultas do órgano competente en materia de urbanismo, das demais administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de dous meses. Porén, esta Dirección Xeral decidiu estender as consultas ao público en xeral co obxecto de favorecer a transparencia da tramitación e a participación cidadá.
4. A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático¹ ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio, Ambiente, Territorio e Vivenda).

ACÓRDASE:

Someter a consulta pública por un **prazo de dous meses**, desde o 18.09.2020 ao 18.11.2020, o documento inicial estratéxico e o borrador do **“Plan xeral de ordenación municipal do concello de Gondomar”**.

As observacións e suxestións poderán ser formuladas por calquera das seguintes canles:

- A través do formulario informático habilitado na web deste órgano ambiental (<https://cmatv.xunta.gal/programas-con-periodo-de-consulta-aberto>).
- A través do correo electrónico: avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.gal.

¹ Actual Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático polo Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia



- Mediante escrito presentado na sede electrónica da Xunta de Galicia ou no registro administrativo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, situado en San Lázaro s/n, en Santiago de Compostela.

En calquera dos medios empregados deberá identificarse quen formula as observacións e suxestións (nome da unidade administrativa, ou nome do colectivo, ou nome e apelidos da persoa), facilitando tamén os datos de contacto.

O documento de alcance do estudo ambiental estratéxico que se elabore tras o período de consultas farase público na sede electrónica (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>) da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2020